

a voz do pobo

¡Proletarios de todos os países unídevos!

Organo do Comité Central do Partido Comunista de Galicia

Editado polo P. C. G.

Ano IX

N.º 21

Domingo, 13 de Marzal de 1977

Precio: 10 Pesetas

Ante as eleccións

Sí a un PACTO GALEGO de base ampla e realista entre todos os partidos democráticos de Galicia

A Comisión Negociadora da oposición leva máis de 15 días agardando ser recibida polo Presidente do Goberno pra tratar o tema das nacionalidades.

Propóñelle dúas alternativas ó Goberno: ou restablecer os Estatutos dos anos 30 e as institucións emanadas deles, ou a inmediata creación da Xunta de Galicia, Diputación General de Euzkadi e a Generalitat de Catalunya, como medios pra recuperación plena das autonomías.

A situación de Galicia, cara ás eleccións, cara á democracia que está a vir, é si cabe a máis grave. O actual Goberno nin siquera considera necesario en relación con Galicia iniciativas similares ó «Consejo General de Catalunya» ou ás «Juntas Generales de Vizcaya y Guipúzcoa». Pra Suárez, Galicia non existe nin como «problema rexional».

¿Qué facer? Unirse e loitar polos dereitos da nación galega.

As forzas políticas da oposición galega non fomos capaces de constituir un só órgano unitario baixo Franco, ou baixo Arias-Fraga. A Táboa e o Consello teñen os seus méritos, pero non foron capaces de fundirse nunha sola voz representativa de Galicia. Agora mesmo, PPG, FSG-PSOE, PSG, PSPG, MCG, PTE e PCG, estamos de acordo na acción común pola amnistía total, a legalización de todos os partidos políticos e o exercicio sin exclusións de todas as liberdades políticas e sindicais, pero a solución política de hoxe pra Galicia non ten topado unha formulación común e unitaria, cuxa defensa tería que abranguer a outras forzas políticas, ademais dos nomeados.

A dous ou tres meses das eleccións son urxentes iniciativas semellantes á dos 29 intelectuais galegos que deron publicidade a un Manifesto do cal reproducimos algúns párrafos:

«Ora, si os dereitos individuais de cada cidadán van contar nas futuras Cortes con defensores procedentes de todo o territorio español, os dereitos colectivos de cada pobo terán que ser defendidos polos representantes que esté mesmo pobo elixa. Ninguén, a non ser os propios galegos, vai defender os dereitos de Galicia como pobo con personalidade nacional. Poderemos contar, e sin dúbida contaremos, co apoio dos verdadeiros demócratas non galegos, pero a defensa dos nosos dereitos é misión e responsabilidade nosa.

Movidos por esa preocupación, e desde a serenidade que nos pode dar o non estarmos implicados nas naturais tensións partidarias, queremos facer un chamamento fraternal aos partidos e máis ás personalidades que van percurar a representación democrática do pobo galego para que fagan por chegar a un entendemento que, sumando

os esforzos de todos, facilite o millor resultado final conxunto.

Un pacto galego no que os seus firmantes se comprometan a defender os dereitos do noso pobo é posible e necesario.

Sería grave, por tremendamente irracional, que un pacto tan sinxelo non fora posible entre os partidos e máis as personalidades que aspiran á representación da Galicia verdadeira. Todos debemos confiar —e nós confiamos firmemente— en que serán eles os máis interesados en dar este paso necesario en favor dos dereitos do noso pobo».

Firman entre outros: Valentín Paz-Andrade (representante de Galicia na Comisión Negociadora co Goberno), Ramón Piñeiro, Domingo García-Sabell, Sebastián Martínez-Risco, Lorenzo Varela, Isaac Díaz Pardo, Andrés

Torres Queiruga, etc.

O PCG respondeu positivamente ó chamamento unitario. Tamén o fixo a Alianza Galega Social Democrática (AGSD), que puntualizou: «Non é oportuno plantear o problema polarizado federalismo-autonomía, sinón laborar un documento cunhas reivindicacións pra un futuro goberno galego axeitadas ó momento real de Galicia e ás forzas presentes no noso país» (o subraiado é da Redacción da V.P.). No intre de escribir este artigo (9-III-77) non se coñecen outras definicións públicas, pero, polo que se pode saber, a posición das forzas da Táboa e do Consello (organismos que teñen reducido a un mínimo a súa actividade) non é, en principio, desfavorable ás propostas do «documento dos 29». Outros partidos á dereita dos mentados organismos deben definirse tamén sobre a cuestión, pois non

«DOCUMENTO DOS 29»

ACTUAR UNIDOS

* COMUNICADO DE PRENSA DO COMITÉ EXECUTIVO DO PCG

Vintenove intelectuais galegos deron a coñecer na prensa de onte, 6 de marzal, un chamamento a un PACTO GALEGO entre os partidos políticos e as personalidades do noso país, onde se reclama pra Galicia os mesmos dereitos de autonomía que se reconozan pras outras nacionalidades, no caso de que non prospere, polo de agora, a fórmula idónea de estrutura federal do Estado español.

O PCG saúda esta iniciativa unitaria e responde positivamente a ela, cuxa oportunidade nós tamén sinalamos, coincidindo co editorial donte do «Ideal Gallego».

Este Pacto das forzas democráticas galegas é imprescindible hoxe, é mesmo urxente, aínda democracia hoxe, e ten como da no caso en que non se con-

cretara nunha lista electoral común cara ó Congreso de deputados. Cara ó Senado sería, coñecemos, moito máis factible. En calquer caso, antes, durante e despois das eleccións, os partidos e personalidades democráticas galegas precisan actuar unidos ó redor duns puntos comúns que supoñan, cando menos, a Autonomía galega, un Estado español democrático, e, dende logo, a plena democratización de Galicia.

Un PACTO DE UNIDADE GALEGA entre todas as forzas e personalidades que saiban porse de acordo é unha necesidade imperiosa pra Galicia e ten, como é sabido, o noso apoio entusiasta.

Santiago de Compostela, 7 de marzal de 1977.


se trata da «Unión da esquerda» sinón dun Pacto entre os partidos políticos de Galicia.

«Os comunistas galegos levamos anos loitando, xunto con outras forzas, por acordar a tempo un Pacto de Unidade Galega»..... Ou lográmoslo, ou as consecuencias poden ser irreparables. Trátase de obter unidos: amnistía total, liberdades, goberno provisional de autonomía e proceso constituinte galego desde o primeiro día en que sexa

realidade a alternativa democrática a nivel de Estado. Chegou a hora de por fin á bipolarización da oposición, constituíndo xa pola casi totalidade dos partidos e organizacións sindicais un novo organismo de acción política e representación galega». Resolución do Pleno ampliado do C.C. do PCG (A VOZ DO POBO, ano VIII, N.º 13,18 de outubro de 1976).

(Pasa a la pág. 3)

«I Asamblea de intelectuales do PCG»



Unha vista parcial da «I Asamblea de Intelectuales do PCG»

O sábado, 5 de marzal, tivo lugar en Santiago de Compostela a I Asamblea de Intelectuales do PCG, a que asistiron 170 membros do Partido (máis de 25 profesións estaban representadas), e un grupo de intelectuais echegados ás nosas posicións. Tamén estiveron presentes Santiago Alvarez xunto con varios membros do C.E., e delega-

cións dos movementos obreiro, campesino, mariñeiro e estudiantil.

Presentouse a Asamblea un «preesquema» titulado «Cultura e política no seo do PCG», redactado por un grupo de intelectuais no que se contiñan unha serie de reflexións encol da política cultural do Partido. Este

preesquema hachábase estruturado en cinco puntos fundamentais: 1.—«A Cultura na súa estrutura»; 2.—«Cultura militante»; 3.—«Cultura política e organización»; 4.—«Obradoiro galego da cultura»; e 5.—«Cultura, cultura galega, partido».

Ista ponencia sirviu de punto de partida a un amplo e apasionado debate onde deuse repaso

á actuación do PCG no Frente Cultural nos últimos anos, analizando as insuficiencias neste campo concreto, e a necesidade de prestarlle máis dedicación pola importancia que ten nunha sociedade coma a nosa i ante a nova situación na que nos atopamos.

(Pasa a la última página)

1972 10 de Marzal 1977

Amador Rei Rodríguez Daniel Niebla García

Mortos pola Causa obreira galega O pobo non vos esquece

Partido Comunista de Galicia

Campaña 5 millóns

"Por unha voz
pra o pobo"

INTERIOR

CORUÑA

Recaudado polos cdas. ... 31.350
«26 de Abril» 1.720 = 33.070

FERROL

Rec. especiais 12.900

SANTIAGO

Rec. polos cdas. 53.325

LUGO

Rec. polos cdas. 4.235

OURENSE

Rec. polos cdas. 40.400

PONTEVEDRA, PROV.

Rec. polos cdas. 56.124

VIGO

Rec. polos cdas. 14.250

VARIOS

Rec. polo C.C. 6.300

ESTERIOR

VENEZUELA

Rec. polos cdas. 111.550

Suma total lista N.º 2 .. 332.154

Suma anterior 1.080.602

Suma total ó 28-II-77 ... 1.412.756

10 de Marzal do 72

Hoxe, cinco anos despois dos tráxicos sucesos do Ferrol, non podemos esquecer as datas do 9 e 10 de marzal nas que tivo lugar unha das maiores loitas do pobo galego baixo a dictadura franquista.

Unha loita que escomenzou coa xusta e lexítima reivindicación dun Convenio Colectivo na empresa nacional Bazán e rematou co ametrallamento dunha manifestación pacífica na que resultaron mortos os traballadores: AMADOR REY RODRIGUEZ e DANIEL NIEBLA GARCIA; máis de 50 feridos de bala, multas por varios millóns de pesetas, 200 detidos, ducias de procesados, 50 despedidos, desposesión de cargos sindicais, etcétera.

Varios foron os xuícios que seguiron a estes feitos e que ocasionaron fortes mobilizacións do pobo galego, como o «XUICIO DOS 23 DE FERROL», no

8 de Marzal «Día internacional da Muller»,

que foron procesados, entre outros, os camaradas: RAFAEL PILLADO, MANUEL AMOR DEUS, JOSE M.ª RIOBOO, JULIO ANEIRO, JULIO PEREZ DE LA FUENTE e RAFAEL BAREZ.

A clase obreira e todo o pobo galego non esquecerá iste día no que os traballadores de Ferrol erguéronse cedo pra loitar pola defensa dos seus intereses, pola liberdade e pola democracia da súa Terra. ¡AMADOR e DANIEL, NON VOS ESQUECEMOS!

A FOLGA DOS TRACTORES

Pediuse a dimisión dos cargos das Hermandades e Cámaras Sindicales Agrarias

En Logroño, Navarra, Zaragoza, Alava, Burgos, León, Zamora, Soria, Palencia, Valladolid, Segovia, Avila, Teruel, Huesca, Tarragona, Lérida, Barcelona e Gerona, máis de 200.000 campesiños ocuparon cos seus tractores —máis de 50.000— as carreteras en defensa das súas reivindicacións concretadas en tres puntos:

1.—Libertade de reunión e de asociación no campo.

Os campesinos en folga decidiron toda a acción en asambleas, e impusaron a organización, no curso da loita, dos seus propios sindicatos libres: as Unións de Agricultores e Ganadeiros.

O P.C.G. aínda insistiu, con motivo da loita das Encrobas, na urxencia de concretar a liberdade sindical no campo galego.

2.—Equiparación da Seguridade Social Agraria ós demais sectores productivos.

Precisamente hai uns días, o 2 de marzal, cumplíuse o IV aniversario da celebración do «Proceso das Comisións Campesinas de Ourense» onde ós pro-

cesados: Carlos Barros e Manuel Peña-Rei do C.E. do P.C.G., Augusto Valencia e os campesiños Serxio Sandoval, Norberto Salgado e Miguel Domínguez, se lles acusou de dirixir e fomentar a campaña de NON PAGAR a Cuota Empresarial i en favor dunha auténtica Seguridade Social Agraria.


Agora a bandeira contra a inxusticia da S.S.A. estendéuse a toda España de xeito combativo.

3.—Precios xustos pros produtos do campo.

Outra esixencia dos labradores en loita foi a dimisión de toda a xerarquía caciquil das Hermandades. A VOZ DO POBO fai súa ista reivindicación, non so lo pra posibilitar a liberdade sindical, senón pra que istos postos non sexan utilizados nas eleccións contra os campesinos e a limpeza democrática destas.

Poucos prevían un levantamento campesino de tanta envergadura e de tanta madurez e organización. Os agricultores souperon loitar e negociar, situar o centro de decisión nas asambleas, fuxir das provocacións, non caer nas folgas indefinidas, coma si o tiveran feito

(Pasa a pág. seguinte)



Santiago Alvarez, en Catalunya

Invitado polo PSUC, Santiago Alvarez falou de Galicia e do PCG en diversos actos públicos en Catalunya, un na Universidade de Barcelona, onde foi presentado ó público polo camarada J. Solé Tura, en Hospitalet coa compañía de G. López Raimundo, en rodas de prensa, etc.

O PCG invitou asimismo o camarada López Raimundo a facer a presentación do PSUC, próximamente, en Galicia.

Doutra banda, o Goberno se-

cuestrou por «escándalo público» (!) o libro de S. Alvarez: «UN ENSAIO SOBRE O PROBLEMA NACIONAL DE GALICIA». O que descubre de novo a vertiente represiva da política gubernamental, que ademais é incoherente, pois mentras o autor pode falar en Catalunya se lle ven negando en Galicia o mesmo dereito, e mentras se lle permiten entrevistas na prensa, e a publicación dealgús traballos, se prohibe un ensaio científico sobre o noso problema nacional.

O FILLO DE BREOGAN

por PEPE-77



PEPE-77

Eleccións sin libertades non son democráticas

Faltan só unhas semanas pra que escomece a campaña electoral e o Partido Comunista — e outros partidos — aínda non está legalizado, hai quen afirma de que non o será hasta despois das eleccións (!); as prohibicións de actos son continuas; a negociación está cortada, e non precisamente por falta de interés da Comisión Negociadora da oposición, xustamente cando íanse discutir 2 temas fundamentais pra que se poida decidir que as eleccións próximas son democráticas: o desmantelamento do Movimiento e a autonomía de Galicia, Euskadi e Catalunya.

Non negamos os pasos positivos dados polo Goberno Suárez, pero temos que denunciar os pasos atrás, porque poden por en perigo o tránsito pacífico á democracia, e, dende logo, poñen en perigo o carácter mínimamente democrático das eleccións, que, si non cambia rápidamente de sentido a política gubernamental, vanse parecer moito ó Referéndum. Sobre todo en Galicia, onde a desigualdade de condicións entre as diversas opcións que se lle ofrecen ós electores amenaza ser maior.

Con todo, moitísimos galegos van votar libremente, non o que lle diga TVE ou o cacique de turno, i eso é moi difícil que o poidan impedir.

Quenes se abstiveron no Referéndum como protesta polo seu carácter antidemocrático, e quenes votaron si «pra que viera a democracia», deben votar nas eleccións polos partidos que mellor garanticen a transformación democrática, e deben votar polos que durante tantos anos foron a oposición antifranquista, polos demócratas de sempre, non polos franquistas de Alianza Popular, non polos demócratas de fachada que están á percura de que o máximo de cousas continúen coma cando Franco.

Pra defenderen no Congreso de Diputados unha Constitución democrática, a convocatoria dunhas segundas eleccións (ista vez plenamente libres), e a Autonomía de Galicia, ¿vale igual un diputado que sufríu represión por loitar contra da Dictadura, ou un diputado que se cadra foi funcionario franquista i/ou engordou coa Dictadura mentras ésta durou?

ENTRE TODOS

"A Voz do Pobo" semanal

A nova presentación do noso periódico foi recibida con entusiasmo alá onde chegou un exemplar do número da quincena pasada, que iniciou unha nova época da A VOZ DO POBO, a época da legalidade. Posta a primeira pedra, hai que facer a obra.

A obra de transformar A VOZ DO POBO no periódico popular, de masas, moderno, que Galicia precisa, é tarefa de todos. Tarea de todos os afiliados ó PCG, tarefa de todos os traballadores, tarefa de todos os galegos convencidos da necesidade dunha nova prensa libre ó servicio das clases populares, depositarias do futuro ceibe da Terra.

O obxectivo inmediato é: A VOZ DO POBO-SEMANAL. Pra elo o PCG está creando a estrutura administrativa, de distribución e de redacción axeitada.

Corresponde, de inmediato, ás organizacións e militantes:

1.º) Dar a meirande importancia política á **Responsabilidade de Prensa e Propaganda** nos Comités e Agrupacións, que requiren a plena dedicación dos camaradas designados, e a constitución de **Comisións de Prensa e Propaganda** áxiles.

2.º) Designar **Administradores de A VOZ DO POBO** a todos os niveis: nas provincias, nas cidades, nas vilas, nos centros de traballo, nos centros de estudio, nos barrios, nas ramas e sectores profesionais, nas concentracións da emigración galega, etc. Sin unha rede autónoma de distribución, difusión e cobro, non será posible que V. P. chegue á última aldea e a calquer recuncho onde vivan e traballen galegos.

3.º) Formar **Equipos de Difusión permanentes**, baixo a dirección dun camarada responsable, en cada localidade e provincia como mínimo, pra venta de V.P. na rúa, nas portas das empresas, nos mercados, nas feiras, nas festas, nos actos públicos, etc., tan pronto como o periódico chegue ás mans dos difusores.


Independientemente desta difusión directa e periódica, V.P. seguirá vendendo a través das organizacións do PCG, que cando sexa preciso saíran, no seu conxunto, a difundilo públicamente, como xa se fixo na campaña pro-abstención no Referéndum.

A VOZ DO POBO SEMANAL tócalle xogar un papel fundamental e insustituíble na campaña electoral do PCG. Dahí a urxencia.

O GOBERNO VENDE IMAXE

por PEDRO ARIAS

Afiliate ó PCG



A FOLGA...

Levantamiento campesino en España

(Viene de la 2.ª)

infinitude de veces. O máis asombroso é a capacidade de coordinación e o poder de convocatoria demostrada pola Coordinadora Estatal das Organizacións de Agricultores e Ganadeiros (onde Galicia está representada polas Comisións Campesinas) que levou no 90% a iniciativa da meirande acción feita polo campo español. Só por iso é xa unha gran victoria.

Galicia empezou a venciarse a «folga dos tractores» cando ista finalizaba. Os labregos de

A Mocha-Baralla saíron cos seus tractores á carreteira o 5 de marzal de 11 da mañán a 4,30 da tarde, por iniciativa de CC.CC., e con pancartas que decían: «Sindicatos libres. Dimisión dos Presidentes e Secretarios das Hermandades. Anulación da cuota empresarial da Seguridade Social Agraria. Precios xustos e garantizados propios produtos. Reparto equitativo dos créditos a tódolos campesinos». A decisión foi tomada por unha asemblea na Mocha o viernes.

A pouco menos de cinco meses da publicación das medidas económicas que provocaron a reacción dos traballadores na folga do 12 de Novembro, o Goberno Suárez aparece cun novo feixe de medidas económicas, o Real Decreto Lei do 25 de febreiro.

O propio Decreto é de por sí un **reconocemento do fracaso** das anteriores medidas, que tamén prometían a superación da crisis económica. Tamén significan a confirmación do diagnóstico da crisis que fixera o Partido e a oposición democrática en xeral (1). Nin antes nin agora o Goberno conta con forza e o **consenso** pra levar adiante a verdadeira Política Económica que a situación exige. Pois, sin unha auténtica democratización da vida política e dos aparellos de Estado, sin unha Reforma Fiscal que permita financiar os proxectos económicos, **sin o acordo dos traballadores**, sin unha efectiva política de desenrolo económico pras nacionalidades e rexións desfavorecidas, **non** haberá unha superación real da crisis, o que suporía un continuo elemento de desestabilización política e social.

O Goberno non ten unha política seria pra abordar estes problemas fundamentais, e como se verá máis adiante, istas machaconamente pola oposición: xa non é posible o crece-

mento baseado na explotación intensiva das clases traballadoras no interior, e dos emigrantes no exterior; nin tampouco o turismo vai devolver a estabilidade dos anos sesenta, nin as exportacións serán posibles polos baixos niveis salariales da man de obra española. Compre escomenzar as bases dun **novo modelo económico**, non dependente, baseado na restructuración agropecuaria, na consolidación industrial e na modernización dos sectores terciarios, mais, obviamente, no Decreto non se esbozan medidas coherentes con dita política.

Como o Goberno non dispón de fondos suficientes, polas rixideces do sistema fiscal, pra intervenir na economía, transmite ós capitalistas as iniciativas na esfera económica. Así, mantense o crecemento do crédito ó sector privado nun 23 por 100, se liberalizan progresivamente os tipos de interés, etc. Entre outras merece destacarse no apartado de política laboral o «liberar a actual legislación en materia de despido colectivo, regulando la facultad de las empresas en la restructuración de sus plantillas», que como ven sinaló a Confederación Sindical de CCOO é un **ataque aberto á estabilidade no emprego**, e aumenta o paro sin resolver os problemas urxentes da crisis económica.

Si ben as medidas de política económica xeral teñen incidencia en Galicia, son as específicas da política económica «rexional» as máis relevantes cara ó enfoque dos problemas estruturales da economía galega. Niste aspecto, o Decreto adolece da mesma vaguedade e imprecisión. Sinala que hai que «elaborar un programa de inversións públicas regionalizado que mejore la asignación especial de los recursos», co cal aínda temos que agardar a que se elabore o plan pra saber en que consiste e pra formular unha valoración. Noutro epígrafe se di: «utilizar la capacidad de gestión del INI para crear y potenciar Sociedades de Desarrollo Regional», agora ben, como non se especifica no que consiste a devandita «potenciación» nin os proxectos concretos que vanse abordar, a pretensión limitacións se traducen na sua incapacidade pra formular un auténtico programa de Política Económica.

No Decreto se reconece que

o modelo de crecemento da economía española dos derradeiros anos está esgotado. Ista é unha evidencia formulada carece de contido real. Na mesma orientación se inclúen tópicos como: «aprobar las bases de un Plan Nacional de Ordenación del Territorio» (o plan pra Galicia xa foi rexeitado por todas as forzas da oposición democrática galega), ou «apoyar técnica y económicamente a las corporaciones locales para la actuación y agilización del planeamiento con el objetivo de obtener suelo urbanizable a corto plazo», medida inviable sin o establecemento de Axuntamentos democráticos e a erradicación da especulación do chan; «acelerar y descentralizar la actuación de los órganos urbanísticos», ¿cómo?; «atender la demanda de la vivienda media y rural», ista medida no contexto da folga dos campesinos amosa todo o seu contido demagógico, cando nin siquera se lles reconecen os dereitos sindicais e as reivindicacións socioeconómicas mínimas.

En realidade un **Goberno non lexitimado democráticamente** e a poucos meses das eleccións, non ten capacidade de manobra económica efectiva como se manifesta no Decreto. Mais non por isto inhiíbuse de lanzalo: forma parte da súa estratexia «electoralista», quer aparecer ós ollos da opinión como un Gabinete «inquieta» e atento a problemática que crea a situación económica. Isto ó marxe de certo apoio ás grandes empresas, ben claro en certos apartados, jiste é o verdadeiro sentido do Decreto! Deiquí que **compre desenmascaralo e denunciálo** ó tempo que se plantean as alternativas reais á crisis económica que pra Galicia pasan pola conquista dunha autonomía efectiva pra reter o seu aforro e instrumentar un auténtico plan de desenrolo económico.

(1) Ver: Azcarate, Boyer e outros: «Programas económicos en la alternativa democrática». Tamén, Círculos de Estudios y Democrática para la economía Publicaciones: «Una alternativa española». Pra Galicia, Santiago Álvarez: «Una alternativa política pra Galicia»; Comisión de Estudios Gallegos: «Una alternativa democrática pra economía galega». E os estudos e comunicados das centrais sindicais e dos partidos políticos.

ANTE AS ELECCIONES...

(Viene de la pág. 1.ª)

Esta vella proposta do PCG sigue pendente a adequar unha nova dimensión e unhas novas posibilidades, nestes días. Si as forzas democráticas galegas non recompoñen **rápido** a súa unidade sobre bases máis amplias e concretas que no pasado inmediato, gaña Alianza Popular, gaña o reformismo máis retrógrado, e perde Galicia, perde a causa da democracia en Galicia: **perdemos todos os partidos galegos e democráticos**.

Sin embargo, si o **Pacto Galego** se concreta sobre bases realistas e amplias, a loita do pobo galego fariase imparable, e as eleccións porían significar a **recuperación da Autonomía galega**, base de partida necesaria no futuro «pacto federal» entre os pobos de España.

Recuperar a nosa historia

Neste mes de Marzal cumprese ó 40 cabodano da morte de Benigno Alvarez, responsable da organización do PCE en Ourense, organización que no ano 36 era a quinta do Partido, polo seu número de militantes en toda España.

Benigno Alvarez, chamado «o amigo do home», aínda é recordado en todo Ourense. A VOZ DO POBO tamén quer sumarse a esta data reproducindo un relato da súa morte feito por Manuel D. Benavides, relato recollido dun libro titulado: «Galicia bajo el Terror», editado pola Alianza Nacional Galega (organismo antifranquista da oposición democrática española nos anos 40).

«O fascismo galego tiña lumes de bestia dañina nos ollos. Galicia era xa un corpo decapitado, e con ser tantos os mortos, ós verdugos da Cruña, Lugo, Ourense e Pontevedra antoxábaselles ceros ós que faltaba a unidade: Benigno Alvarez, o Xefe do Partido Comunista de Ourense, o comunista máis galego da nosa terra, o home que puso a súa man na man de Bóveda perante a campaña electoral do 1936 e decía del: «Bóveda non é comunista, pero é un bon galego e un home de estatura pequena, estreito me honrado».

de peito, cabelo negro e rizado e moita luz na ollada. Non tiña aquela expresión dura de moitos dos seus camaradas, ós que o combate diario acusábase nas súas facies de soldados en acción de guerra. Polo

semblante de Benigno espallábase a dozura.

En Ourense non existe proletariado industrial. E unha provincia de campesiños. Benigno recorría as aldeas e falaba cos labregos nas portas das súas casas. Non lle importaba a súa condición política ou relixiosa. Faláballe dos seus problemas.

Pérdese Ourense. Benigno Alvarez, con Leandro Carro e outros compañeiros refúxiase nos montes de Maceda e continúa os seus traballos de organización do campesinado. Os labregos son amigos seus. Non o denunciarán. A Falanxe o busca, tamén a Guardia Civil. A marquesa de Atalaya Bermeja ofrece un premio de 10.000 pesetas a quen o entregue vivo ou morto.

¿Onde se esconde a fiera comunista? Asesinan ó seu irmán Demetrio no cuartel de San Francisco. Os outros dous irmáns, Xosé e Antonio, fuxen a Portugal; a policía de Oliveira os detén e os entrega en Tui, onde son fusilados. Antonio tiña 15 anos. Da familia de Benigno quedan a nai, a muller e irmá. Encarcelan a irmá e a nai morre dun ataque ó corazón. Da familia de Benigno, soa queda a súa compañeira. A condenan a morte, a Guardia Civil a apalea e acompañeira de Benigno trae ó mundo o fillo morto. A familia de Benigno foi esterminada.

Os ventos e as chuvias enferman a Benigno que se esconde nun muiño da montaña.

BENIGNO ALVAREZ,

“O amigo do home”

—Si morro na túa casa, muiño, mataranche a tí tamén.

Cando empeza a agonía, pide que o leven ó monte. Quere morrer sintindo o cheiro da terra e o paso do ceo galego sobre a súa testa. Nas cumes, ó pé dun arbre, Benigno fíxose lembranza.

As corenta e oito horas un falanxista do pobo de Maceda atopou o cadavre no cruce dos camiños. A marquesa de Casa Bermeja ofrecéu 10.000 «do ala». O falanxista descarga a súa pistola contra o morto e fuxe ó pobo.

—¡Matei a Benigno!

Alumean petardos e cohetes, voltean as campanas e un «tatachín» de pasodobles enarde-

cen ós falanxistas que, co cadavre nun camión de carga, paseáronse de Maceda hasta Ourense por pobos e aldeas.

Antergamente, en toda Galicia, cando un labrego daba morte a unha alimaña, tiña dereito a percibir un pequeno premio en cartos ou especies dos veciños da comarca na que a fiera facía os estragos. Co despoxo dos homes o cazador recorría os caseríos chamando ás portas:

—¡Matei o lobo!

A falanxe pasou tamén os despozos de Benigno en demanda de donativos:

—¡Matamos á fiera comunista!

Máis esta vez os labregos

non abriron as portas dos seus fogares. Rostros chorosos de mulleres asomaban polas ventanas. As máis valentes achegábanse ó cadavre e o bicaban:

—¡Adéus, meu irmán!

Os médicos de Ourense fixeron a autopsia e dictaminaron que Benigno levaba morto dous días cando o falanxista de Maceda lle disparou.

Agora, os restos do noso amigo, están ahí, no Depósito de cadáveres, pros que índa dudan de que Benigno deixara de existir. As mulleres do pobo chéganse pra velo, os corpos dóblanse e caen de rodillas. Rezan. ¿Por qué? ¿pra qué? ¿Rezan por algo? ¿Rezan por algún? ¿Ou rezan contra algo e contra alguén?

—Señor, ós mortos hai que rezarilles. ¡E tamén os santos!

«Las señoritas de Ourense acuden al espectáculo».

—A los rojos no se les reza —dixeron— Se les escupe».

As mulleres do pobo seguiron rezando. Rezaban ó Amigo do Home».

I Asamblea de Intelectuales do PCG

(Viene de la 1.ª)

O termino da asamblea, e fruto da discusión anterior, deuse lectura pra aprobación por parte daquela dun Manifesto onde se recollen as liñas esenciais de actuación do Frente Cultural do PCG. Aínda que o MANIFESTO editarase nos próximos días na súa totalidade, consideremos oportuno reproducir aquí algúns párrafos, sentindo no poder facelo na extensión que sería deseable:

«O Partido Comunista loita poucoxetiv, pra mañá, a construción da sociedade socialista á que se propón chegar por un camiño democrático. Neste proceso, nós, os intelectuales, queremos traballar nas nosas profesións con dignidade, ou sexa, sabendo que o noso traballo colabora, de algún xeito e nalgunha medida, na feitura dunha sociedade máis humana e máis de todos.

Decatámonos que o intelectual será si, libremente, se compromete con esta alternativa. Entendida así a Cultura, concebido así o traballo cultural, o intelectual nada ten que temer dun partido político. Un Partido que ten no seu programa a rendición —mil veces lexítima— dos esmagados e, ó mesmo tempo, o liberar a sociedade inteira de determinadas nacións históricas, endexamáis será un atranco ou un problema de conciencia prós intelectuales; máis ben será o Partido quen en certos intres corrixira este ou aquel planteamento ante a postura crítica e responsablemente existente dos traballadores da cultura. O debate responsable e intenso vai ser o noso comportamento constante dentro e fora do noso Partido. Dentro e fora, compre puntualizar, estaremos dispostos a aportar e a recibir.

A comunidade humana chamada Galicia esixe de todos nós o primeiro compromiso e o máis serio. Galicia —a marxinal, a subdesenrolada— é pra nós un desafío urxente e ten que ser unha laboura constante, intensa e apasionante.

Veleiquí, sinxelamente enunciadas, as realidades máis desafiantes, as que existen, por conseguinte, pola nosa parte, máis estudio, máis adicación e máis intelixencia:

a) A industria.

¿Imos consentir unha industrialización que rompa o noso equilibrio ecolóxico que destrúa importantes recursos naturais? ¿Imos consentir unha industrialización que non sexa unha potenciación do noso campo e das nosas rías? Pra non sermos un peón impotente na asoballante estratexia do lucro protagonizada polo capitalismo alleo e nativo, compre acadar xa importantes parcelas de poder político e institucional pra respondermos con algunha eficacia —no seu día con toda— ós atentados máis graves, ás agresións irre-

versibles.

b) O campo e o mar.

¿Qué reformas de fondo se poden esbozar si, ó mesmo tempo, non se dibuxa un plan de industrialización que teña en conta os produtos da terra, os peixes das rías e o gando dos nosos vales e dos nosos montes? Non son máis que cativos remendos, moi lonxe dos remedios, pra atenuar un pouco o precario vivir do campo, os cartos dos emigrantes. De feito o zerrible problema da emigración —o que ten de drama, de trauma e de renuncia, por parte dun país, á xente máis moza, emprendedora e imaxinativa— terá que ser completado dende a perspectiva da reforma agraria do minifundio que orixinaría un excedente humano que tería que absorber a industria, unha industria racional, vencellada ó noso e non sempre chantada nas cidades e nas vilas.

c) A lingua.

A Fala, irrenunciabile dimensión do noso vivir colectivo, debe —e pode— ser programada dende agora mesmo. Aínda cunha fasquia provisional hai que diseñar xa as institucións filolóxicas que traballen á carón do Ensino e dos medios de comunicación social, os dous marcos onde se vai iniciar, sin dúbida, o proceso da normalización lingüística. En canto ás institucións filolóxicas existentes o desexable é que continúen, multipliquen e precisen o seu traballo que no caso do Instituto da Lingua Galega ten sido, aínda en pleno franquismo, un traballo que é de xusticia estimar.

As tarefas que temos diante neste eido son complexas e terán que ser abordadas con enerxía e con cautela.

d) O ensino.

Unha alternativa que contemple as varias Galicias (o campo sobre todo: o campo que soa dende dentro pode ser ben entendido) vai existir de nós esforzos nada pequenos. Un dos eixes de calquer alternativa educativa será o planteamento lingüístico xa indicado no apartado anterior.

e) A sanidade.

Sin cambios políticos de importancia non será posible unha estrutura sanitaria de certa calidade e de certa eficacia dada a configuración xeográfica do país, as deficiencias viarias e outros condicionamentos.

Como intelectuales e como marxistas temos a obriga moral e metodolóxica de encarámonos co feito diferencial galego, coa cuestión nacional de Galicia. O tema, sabémolo ben, ademais de envenenado pola Dictadura, ten orixinado e orixina posicións moi diversas que nós non desdenamos porque ós marxistas non nos manca sermos aprendices xa que aspiramos a ser mestres.

Reconecemos que na práctica os comunistas non sempre puxemos o acento debido na solu-

ción da problemática nacional e cultural de Galicia, limitación que asumimos. De tódolos xeitos asumímola con matices. Sabido é que o Movemento Obreiro no noso país e noutros non podía comprender doadamente o nacionalismo das nacións sin Estado por estar o pensamento nacionalista moitas veces protagonizado por homes alleos ou reticentes ás aspiracións das clases populares. Do que se trata hoxe non é de comprender (xa superamos esa limitación hai tempo); do que se trata é de que un partido tradicionalmente obreiro vaia por diante, sexa, tamén neste flanco da loita, a vangarda.

Trátase tamén de contemplar as liberdades de Galicia dende a perspectiva dun Partido de traballadores. Impónse, pois, unha loita global: os dereitos de Galicia como comunidade nacional e os dereitos dos traballadores no marco da reivindicación xeral galega.

Pensamos de tódolos xeitos, que un combate galego que se desentenda do combate —a veces o mesmo— dos outros pobos do territorio do Estado español, é moi discutible e nós non o asumimos desa maneira.

Galicia necesita xa dunhas institucións propias, un sistema de autogoberno a través do cal se posibilite nun futuro o dereito do pobo galego á autodeterminación. As atribucións i eficacia destas institucións dependerán de nós (das forzas democráticas galegas) pro tamén do que aconteza no conxunto do territorio do Estado Español. Estas institucións son as que urxen. Da súa configuración, dos seus organismos e da súa esfera de competencia —máis que do seu nome— dependerá o porvir inmediato de Galicia. Este aparello institucional ten que encarar decontado:

a) o reforzamento da personalidade cultural e lingüística do país.

b) unha planificación económica que se opoña, na medida en que hoxe sexa posible, ó subdesenrolo e ó desarranxo ambiental que a estratexia do Capitalismo nos está impondo».

galegos á afiliarse ó Partido Comunista de Galicia. Encabezan as firmas do Manifesto: Xesús Alonso Montero (Catedrático)

Pedro Arias Veira (profesor da Universidade)

Rafael Báñez (abogado laboralista)

Miguel Cancio (profesor da Universidade)

Xoán L. Dalta (arquitecto)

Victoria Díaz Cabanelas (profesora de E.X.B.)

Xosé García (siquiatra)

Celestino García Graña (arquitecto)

Acisclo Manzano (escultor)

Xosé María Mella (economista)

Manuel Peña Rey (médico)

Xaime Quesada (pintor)

Ramón Valenzuela (escritor)

